



---

## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO

### SOBRE A CREACIÓN DE NOVOS ÓRGANOS XURISDICIONAIS NA CIDADE

O Alcalde do Concello de Santiago, ao abeiro do regulamento orgánico municipal no seu artigo 116, presenta a seguinte declaración institucional para ser aprobada polo Pleno da Corporación, como manifestación do seu parecer sobre a necesidade de dotar de novos órganos xurisdiccionais á nosa cidade.

*A correcta Administración de Xustiza é un dos piares esenciais dun Estado de Dereito, e iso esixe una dotación suficiente de órganos xurisdiccionais que poidan afrontar con garantías de calidade e coa celeridade mínima esixible a resolución xudicial dos conflitos que a cidadanía formule en exercicio do seu dereito constitucional a unha tutela xudicial efectiva.*

*Santiago de Compostela, capital de Galicia, ven padecendo historicamente unha insuficiencia de dotación de órganos xudiciais na práctica totalidade das ordes xudiciais. Hoxe tal infradotación resulta clamorosa e doente, dado o volume de servizos que a cidade, como cabeceira e referente dun partido xudicial tan amplo, presta e debe atender.*

*Con todo, hai algunhas demandas que son inaprazables, e que afectan de xeito moi importante á calidade do dereito da cidadanía a ver protexidos os seus dereitos cando ten que acudir, para reclamarlos ou defendelos, aos xulgados e tribunais.*

*Así, resulta imprescindible a creación dun xulgado específico de violencia contra a muller. A actual configuración do mesmo, coas competencias compartidas cun xulgado de instrución, distorce o funcionamento do mesmo, o que, dado o volume e ámbito a tratar, xera un imperdoable e arriscado retraso de moitas actuacións, ao tempo que non permite a necesaria especialización para dar resposta a unha problemática tan sensible, e por desgraza tan habitual, como é a da violencia de xénero.*

*Por demais, a lóxica posibilidade a considerar, de atribuír a ese xulgado específico, competencia territorial sobre un ámbito extenso, como pode ser o da Sección da Audiencia Provincial, o número de casos xustifican xa a súa creación, y permitirían, ademais, achegar a Xustiza ás súas demandantes.*

*Resulta asemade necesario a creación dun terceiro xulgado do contencioso-administrativo, que alivie a carga de traballo dos dous existentes, e acorte os prazos de resolución.*

*O feito de residenciarse na cidade de Santiago a administración autonómica, e substanciarse tamén aquí gran parte das reclamacións formuladas fronte o SERGAS, fai que a carga de traballo neste ámbito sexa moi superior á que soportan outras cidades da nosa Comunidade Autónoma. A necesaria especialización que a capitalidade autonómica xera, así como o volume específico nesta orde xurisdiccional, impón a creación deste terceiro xulgado de forma urxente.*

*En terceiro lugar é moi necesaria, tamén, a creación dun xulgado de familia que permita dar resposta, en prazo razoable, e coa debida especialización do seu persoal, ás demandas neste eido. A creación deste xulgado debe ir acompañada dun importante reforzo do persoal dos equipos técnicos de apoio, equipos extraordinariamente sobrecargados de traballo, e cuxa demora na emisión de informes alonga de xeito inasumible procedementos xudiciais sobre cuestións de extraordinaria importancia.*

*Por último consideramos que debe valorarse a creación dunha segunda Sección da Audiencia Provincial, que permita tamén a súa especialización, e que avance na dirección -xa iniciada pola Sección que leva anos de funcionamento- de achegar a xustiza a quen a demanda. O dinamismo do tecido económico e produtivo da nosa área ten clara necesidade deste fornecemento.*

*Son demandas históricas e xustas, que tras a escoita de todos os sectores e persoas profesionais implicadas e afectadas por eles, hoxe tómanse xa urxentes.*

**En Santiago de Compostela, o 28 de febreiro de 2023.**

**O Alcalde**

*Xosé A. Sánchez Bugallo*